

Profesorado suprimido ou desprazado

Toda a información sobre a perda de destino do persoal docente no ensino público galego

O profesorado con destino definitivo nun centro pode perder ese destino por diferentes motivos, relacionados coa supresión de postos de traballo por parte da Consellaría de Educación. Estas poden estar motivadas pola redución de alumnado mais tamén por decisións de política educativa do goberno galego (traslado do alumnado e do profesorado dun a outro centro, cambio das ensinanzas que se imparten nun centro, entre outros).

Para regular toda esta casuística aprobouse no ano 2006 o decreto 140/2006, hoxe aínda vixente. Ese decreto foi o que creou a figura de profesorado

desprazado e, sobre todo, o que igualou para todos os corpos docentes o criterio de antigüidade no propio centro ou praza para dirimir quen perde a praza que se suprime cando son varias as persoas afectadas, unha proposta que a CIG-Ensino defendeu en solitario e que foi finalmente incorporada ao texto hoxe en vigor.

Con posterioridade ao decreto houbo varias sentenzas, entre elas unha do TSXG, que modificaron parcialmente os efectos do decreto. Este CIG-Infoma recolle e actualiza toda a información da normativa e da xurisprudencia que se debe ter presente cando se perde o destino definitivo.

Supostos que implican mobilidade do profesorado por perda de destino

- 1 **Desagregación:** creación dun novo centro con parte do alumnado dun centro anterior.
- 2 **Desdoblamento:** créanse dous ou máis centros a partir dun.
- 3 **Transformación:** creación dun novo centro por reconversión doutro.
- 4 **Integración:** extinción dun centro pasando seu alumnado a un novo centro.
- 5 **Cambio de ensinanzas:** desaparición dunhas determinadas ensinanzas nun centro polo seu traslado a outro centro.

Cómputo da antigüidade após a perda de destino

Como afecta o cómputo da antigüidade no caso do profesorado que perdeu o seu destino e se incorpora a un novo centro con destino definitivo?

O decreto 140/2006 diferencia os diferentes supostos de perda de destino. Así, fixa que nos tres primeiros casos (desagregación, desdoblamento, transformación) a antigüidade compútase a todos

os efectos. Isto é, a persoa que perde un destino suma a antigüidade do destino suprimido a efectos do concurso xeral de traslados mais tamén para elixir grupos ou horarios no novo centro. Nos restantes casos (integración e cambios de ensinanza) o decreto recollía expresamente que a antigüidade só se computa aos efectos do CXT mais non para determinar a antigüidade no

novo centro. Esta diferenza foi anulada por dúas sentenzas do TSXG do ano 2009. A Consellaría non modificou o decreto nin advertiu publicamente deste cambio transcendental, provocando non poucos conflitos nos centros á hora de elixir horarios ou grupos cando existía novo profesorado definitivo que proviña dunha supresión ou desprazamento. Esta situación mantense na actualidade, 20 anos após a publicación do decreto.

É importante ter presente que, malia non se ter modificado o decreto, a aplicación dos cambios provocados polas sentenzas está xa consolidada desde hai anos.

Vexamos dous exemplos:

- Unha profesora de secundaria vese afectada polo cambio de ensinanza dun centro, que pasou de ser IES a CIFP. Trasládase ao novo centro ao que se deriva o alumnado.
- Un mestre vese afectado pola supresión do seu posto na escola na que traballa e obtén un novo destino definitivo noutro centro no seguinte CXT.

A efectos do CXT ambos docentes acumulan a puntuación que tiñan no centro anterior (como se de feito seguisen nel, sumando os anos) tal e como se explica no esquema desta mesma publicación.

A efectos da antigüidade no novo centro ambos suman igualmente a antigüidade do centro anterior.

Criterios de perda de destino

Cando se elimina un ou máis postos de traballo nun centro, o persoal docente afectado pode selo con carácter forzoso ou voluntario. Os criterios para decidir quen perde a praza, ordenados por prioridade, son os seguintes.

CORPO DE MESTRAS E MESTRES	
Con carácter forzoso	Con carácter voluntario
a) Menor antigüidade ininterrompida con destino definitivo no centro. b) Menor tempo de servizo como funcionariado de carreira no corpo de mestras e mestres. c) Ano máis recente de ingreso no corpo d) Menor existencia de cargas familiares (menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas) e) Menor puntuación obtida no proceso selectivo de ingreso no corpo.	a) Maior antigüidade ininterrompida con destino definitivo no centro. b) Maior tempo de servizo como funcionariado de carreira no corpo de mestras e mestres. c) Promoción de ingreso no corpo máis antiga d) Maior existencia de cargas familiares (menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas) e) Menor puntuación obtida no proceso selectivo de ingreso no corpo.
CORPOS DE PES, PESSFP E RÉXIME ESPECIAL	
Con carácter forzoso	Con carácter voluntario
a) Menor antigüidade ininterrompida con destino definitivo na praza. b) Menor tempo de servizo como funcionariado de carreira no corpo ao que pertenza. c) Ano máis recente de ingreso no corpo d) Menor existencia de cargas familiares (menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas) e) Menor puntuación obtida no proceso selectivo de ingreso no corpo.	a) Maior antigüidade ininterrompida con destino definitivo no praza. b) Maior tempo de servizo como funcionariado de carreira no corpo ao que pertenza. c) Promoción de ingreso no corpo máis antiga d) Maior existencia de cargas familiares (menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas) e) Menor puntuación obtida no proceso selectivo de ingreso no corpo.
Observacións 1. Centro e praza: A única diferenza entre o corpo de mestres e os de secundaria está entre o concepto da antigüidade no centro (mestras) e praza (resto de corpos). Así, unha mestra definitiva de Infantil que antes o foi no propio centro de PT (tamén como definitiva) ten unha antigüidade que suma o tempo total que leva no centro como definitiva. No caso de secundaria, unha docente de Lingua Galega que antes o foi de Xeografía e Historia só computa á hora de fixar a súa antigüidade a efectos de perder o destino o tempo que leva na praza ou especialidade da que desprazan ou suprimen. 2. Antigüidade no corpo de cátedras: cando concorren con docentes doutros corpos, acumúlanse os servizos prestados no corpo de cátedras cos do corpo de procedencia. 3. 01/09/2006. A data a ter en conta. Aínda que co paso dos anos isto non ten xa afectación ou a ten mínima, hai que ter presente que para respectar a situación previa á entrada en vigor do decreto 140/2006, fíxose que para o profesorado que accedera con anterioridade a esa data a un centro, sempre primaria a antigüidade no corpo sobre a antigüidade na praza.	

Participación no concurso de traslados

Obriga de participar	Funcionariado docente con destino provisional por: • cumprimento de sentenza ou resolución de recurso • supresión da praza da que era titular • integración total ou parcial ou traslado de ensinanzas • transcurso do tempo para o que foi adscrito a un posto de traballo docente no estranxeiro
Dereito preferente (DP)	O profesorado que desexe exercer o dereito preferente a obter destino nunha localidade ou ámbito territorial determinado: • Está obligado a solicitar no CXT todas as prazas para as que está facultado na localidade na que foi suprimido ou na que foi escolarizado o seu alumnado. • Pode solicitar voluntariamente as demais localidades comprendidas na zona ou ámbito territorial. • Pode solicitar outro destino fóra da localidade na que exerce o DP. • Se non exerce o dereito preferente decae deste. A Consellaría poderá adxudicarlle destino de oficio logo de 6 convocatorias do CXT. • Quen exerza o DP terá dereito a un destino provisional vía CADP con carácter indefinido, mentres non acade un novo destino definitivo: • corpo de mestras e mestres: na zona educativa do DP • corpos de secundaria: na localidade do DP
Exención de participación no CXT	A Consellaría pode eximir de participar no CXT a aquel profesorado desprazado por falta de horario cando, en función da planificación educativa ou das próximas xubilacións de docentes no centro, se prevea un incremento de vacantes na especialidade correspondente.
Dereito de retorno ao centro de orixe	Durante os seis anos seguintes á realización dun traslado de ensinanzas , o profesorado afectado ten un dereito de retorno ao centro de orixe en calquera das especialidades das que sexa titular.

Profesorado suprimido e desprazado

Todo docente que perde o seu destino definitivo ten a consideración de suprimido. Se mantén o destino definitivo mais non ten horas da súa especialidade é desprazado. Considérase que un profesor ou profesora non ten horario no seu centro cando non dispón de ningunha hora da súa especialidade ou dispón de menos de cinco horas e estas poden ser asumidas por outro docente do centro. En ambos casos teñen a obriga de concursar no CXT.

PROFESORADO SUPRIMIDO

- Non ten destino definitivo.
- Ten obriga de concursar.
- Se exerce o dereito preferente á localidade non pode ser colocado de oficio en postos que non solicite.


- Non pode renunciar ao concurso xa que participa con carácter forzoso.
- Se non exerce o dereito preferente non será colocado de oficio mentres non se cumplan as 6 convocatorias seguintes á supresión.
- No caso de competencia no CXT por un dereito preferente ten preferencia o colectivo de profesorado suprimido sobre o de desprazado.

PROFESORADO DESPRAZADO

- Está na mesma situación que o profesorado suprimido e ten os mesmos dereitos e obrigas para o dereito preferente.
- Durante as 4 primeiras convocatorias após ser desprazado pode renunciar sen perder o dereito preferente.

A puntuación no concurso de traslados do profesorado suprimido

A PUNTUACIÓN DO PROFESORADO SUPRIMIDO NO CXT



PUNTUACIÓN COA QUE CONCURSA DESPOIS DA SUPRESIÓN NO CENTRO A

- En expectativa de destino: $4 \times 5 = 20$
- Destino definitivo no Centro A: $4 + 4 + 6 + 8 + 8 + 8 = 38$
- Destino provisional após a supresión (computa como se estivese aínda no Centro A): $6 \times 8 = 48$
- Total destes apartados: **106**

PUNTUACIÓN COA QUE CONCURSA DESDE O CENTRO B:

Puntúanse todos os anos desde que chegou ao Centro A como se estivese con destino definitivo no Centro B:

6 anos no A + 4 anos de provisional + 2 no centro B = 12 anos): $4 + 4 + 6 + (8 \times 9) = 86$

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomioño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal